

DECRETO 56/2014, do 30 de abril, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias.

O Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional da Saúde e o procedemento para a súa actualización, establece no seu anexo IX que, conforme o previsto no artigo 83 da Lei xeral de sanidade, na disposición adicional 22 do texto refundido da Lei xeral de Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, no artigo 2.7 deste real decreto e demais disposicións que resulten de aplicación, os servizos públicos de saúde reclamarán aos terceiros obrigados ao pagamento o importe das atencións ou prestacións sanitarias facilitadas directamente ás persoas, incluído o transporte sanitario, a atención de urxencia, a atención especializada, a atención primaria, a prestación farmacéutica, a prestación ortoprotésica, as prestacións con produtos dietéticos e a rehabilitación, nos seguintes supostos:

1. Asegurados ou beneficiarios do sistema de Seguridade Social pertencentes á Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado, Mutualidade Xeral Xudicial ou ao Instituto Social das Forzas Armadas, que non fosen adscritos, a través do procedemento establecido, a recibir asistencia sanitaria do Sistema Nacional de Saúde.

2. Asegurados ou beneficiarios de empresas colaboradoras na asistencia sanitaria do Sistema de Seguridade Social, naquelas prestacións cuxa atención corresponda á empresa colaboradora conforme o convenio ou concerto suscrito.

3. Accidentes de traballo ou enfermidades profesionais a cargo das mutuas de accidentes de traballo, do Instituto Nacional da Seguridade Social ou do Instituto Social da Mariña.

4. Seguros obrigatorios.

5. Convenios ou concertos con outros organismos ou entidades.

6. Cidadáns estranxeiros, nos supostos previstos.

7. Outros obrigados ao pagamento:

a) Accidentes acontecidos con ocasión de eventos festivos, actividades recreativas e espectáculos públicos no caso de que se subscribise contrato de seguro de accidentes ou de responsabilidade civil que cubra as contingencias derivadas destas actividades.

b) Seguro escolar.

c) Calquera outro suposto en que, en virtude de normas legais ou regulamentarias, o importe das atencións ou prestacións sanitarias deba ser a cargo das entidades ou terceiros correspondentes.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu capítulo II, do título II, o réxime xeral de xestión, recadación e recursos en materia de prezos públicos.

O artigo 47 da mencionada lei sinala que os prezos públicos serán fixados por decreto, por proposta da consellería de que dependa o órgano ou entidade ofertante. Por outra banda, hai que ter en conta que polo Decreto 16/1991 foron asumidas pola Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e os servizos do Instituto Nacional da Saúde.

O artigo 48.5 da citada Lei 6/2003 establece que os prezos públicos poderán exixirse desde que se efectúa a entrega dos bens ou desde que se inicia a prestación dos servizos que xustifican a súa exixencia.

Así mesmo, o artigo 76 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, establece que corresponde á Consellería de Sanidade aprobar os módulos económicos para a prestación dos servizos propios, conveniados ou contratados do Servizo Galego de Saúde, así como a súa modificación.

En virtude do Decreto 276/2001, do 27 de setembro, de adaptación das fundacións sanitarias á disposición adicional sétima da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, os ingresos procedentes da prestación de servizos sanitarios por parte das fundacións teñen a consideración de ingresos de dereito público, polo que é necesario incluír os prezos dos servizos prestados polas fundacións sanitarias neste decreto.

Por tanto, é necesario actualizar as tarifas ao custo real dos servizos prestados, deixando sen efecto o Decreto 221/2012, do 31 de outubro, polo

que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados en centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias e o Decreto 100/2013, do 13 de xuño, polo que se modifica o Decreto 221/2012.

Na súa virtude, de conformidade co establecido na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, por proposta da conselleira de Sanidade, cos informe previos correspondentes, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do trinta de abril de dous mil catorce,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Apróbanse as tarifas que figuran nos anexos I, II, III, IV e V deste decreto, aplicables aos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias, a pacientes que non sexan beneficiarios da Seguridade Social, así como naqueles casos en que, sendo beneficiarios, exista un terceiro obrigado ao pagamento que deba asumir o gasto sanitario.

Para a liquidación das tarifas contidas no anexo III considéranse terceiros obrigados ao pagamento as compañías privadas de saúde, naqueles supostos de transporte sanitario urxente de carácter vital cando o paciente, sexa ou non beneficiario da Seguridade Social, subscribíse voluntariamente unha póliza con esa compañía, excepto que nas condicións do contrato estivese expresamente excluído ese transporte.

Nos supostos de terceiros obrigados ao pagamento, por tratarse de gastos non financiados con ingresos da Seguridade Social (artigo 83 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade), cando o paciente non facilite os datos do terceiro obrigado para súa correcta facturación o gasto asistencial será pola súa conta.

No suposto de accidentes producidos por vehículos sen seguro ou roubados, os gastos sanitarios ocasionados pola asistencia prestada á persoa que conduza o vehículo e aos acompañantes que coñecían as circunstancias do roubo ou do non aseguramento e o ocupaban voluntariamente, serán

asumidos pola persoa que conduza e, se for o caso, polos ocupantes do vehículo.

2. As tarifas contidas no anexo I serán aplicables á asistencia sanitaria prestada nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde (atención primaria e especializada).

3. As tarifas recollidas nos anexos II, III, IV e V serán aplicables, respectivamente, pola Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía, pola Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061, pola Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e pola Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia.

Artigo 2. Facturación

A facturación realizarase coas tarifas vixentes no día da prestación do servizo e unha vez dispensada a asistencia sanitaria. Non obstante, de conformidade co artigo 48.5 da Lei 6/2003, cando existan indicios racionais de que o cobramento da asistencia sanitaria dispensada se poida ver frustrado ou gravemente dificultado, a facturación poderá realizarse cando se inicie a prestación da asistencia sanitaria.

Artigo 3. Tarifas de reembolso

Os prezos públicos fixados neste decreto serán considerados como tarifas de reembolso para os efectos da aplicación de instrumentos comunitarios en materia de reembolso de gastos de asistencia sanitaria transfronteiriza, en tanto non se establezan tarifas de reembolso a nivel estatal.

Disposición adicional única

De acordo co establecido nos números 4, 5, 10 e 11 do artigo 15 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, poderá establecerse un procedemento para repercutir nos usuarios os gastos ocasionados polos mesmos como consecuencia do uso irresponsable das prestacións asistenciais do sistema público de saúde de Galicia.

Disposición derogatoria

Queda derogado o Decreto 221/2012, do 31 de outubro, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados en centros dependentes

do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias e o Decreto 100/2013, do 13 de xuño, polo que se modifica o Decreto 221/2012.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento*

Facúltase a conselleira de Sanidade para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trinta de abril de dous mil catorce

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Rocío
Conselleira de Sanidade

Mosquera

Álvarez

ANEXO I

Prezos de servizos sanitarios prestados a pacientes que non sexan beneficiarios da Seguridade Social, así como naqueles casos en que, sendo beneficiarios, exista un terceiro obrigado ao pagamento que deba asumir o gasto sanitario

	Tarifas
I. Atención Primaria:	
A. Consultas.	
1. Consulta médica.	
Primeira consulta.	69,24
Consultas sucesivas.	34,62
Asistencia en urxencias.	256,87
2. Consulta médica con probas complementarias.	
Primeira consulta.	85,99
Consultas sucesivas.	43,56
3. Consultas de enfermaría.	
Consultas de enfermaría.	14,52
4. Consulta médica e de coidados de enfermaría.	
Primeira consulta.	
a) Con probas.	102,74
b) Sen probas.	82,66
Consultas sucesivas.	
a) Con probas.	51,36
b) Sen probas.	41,34
Consultas de urxencias.	268,34
5. Consultas a domicilio.	
5.1. Consulta médica.	
Primeira consulta.	
a) Con probas.	102,74
b) Sen probas (esta última tarifa –primeira consulta sen probas– tamén será aplicable nos supostos de asistencia sanitaria prestada polos facultativos do Servizo Galego de Saúde cando sexa requirida pola policía xudicial a súa presenza no lugar dos feitos (Lei 38/2002,	82,67

	Tarifas
do 24 de outubro).	
Consultas sucesivas.	
a) Con probas.	51,36
b) Sen probas.	41,35
5.2. Consultas enfermaría.	
Primeira consulta.	
a) Con probas.	54,84
b) Sen probas.	41,19
Consultas sucesivas.	
a) Con probas.	27,43
b) Sen probas.	20,60
5.3. Consulta médica con cuidados de enfermaría.	
Primeira consulta.	
a) Con probas.	123,99
b) Sen probas.	99,39
Consultas sucesivas.	
a) Con probas.	62,51
b) Sen probas.	49,14
6. Consultas en unidades de saúde buco-dental.	
Consulta preventiva.	
Primeira consulta.	69,24
Consultas sucesivas.	34,62
Consulta hixienista dental.	40,33
7. Consultas en centros de orientación familiar.	
Consultas de xinecoloxía.	
a) Primeira consulta.	145,94
b) Revisións.	48,64
Consultas de psicoloxía.	
a) Primeira consulta.	69,24
b) Consultas sucesivas.	34,62
Clases de preparación pre e post parto.	340,20
B. Intervencións cirúrxicas ambulatorias.	

	Tarifas
1. En atención primaria.	127,30
2. En unidades de saúde buco-dental.	102,74
3. En centros de orientación familiar.	102,74
C. Probas ambulatorias e outros tratamentos. As probas ambulatorias e calquera outro procedemento non recollido nos puntos anteriores, que se realicen nos centros de Atención Primaria facturaranse aplicando as tarifas que para eles establecen os demais puntos deste anexo I	
II. Atención especializada:	
A. Estadías.	
1. Entenderase por día de estadía e cama ocupada, para efectos de facturación, cando o paciente se atope ingresado no hospital para a atención do proceso patolóxico na hora censual (as cero horas). Cando o paciente ocupe unha cama das salas de hospitalización pero non produza estadía, é dicir, sexa dado de alta antes da hora censual, facturaráselle esa prestación pola metade do valor dunha estadía completa.	
2. Na estadía están incluídas as prestacións de todos os servizos e gastos que orixinen, excepto as próteses cirúrxicas, marcapasos, calquera outro material implantado (incluídas mallas), así como aquel material de cirurxía laparoscópica dun só uso e todas aquelas que sexan establecidas pola Consellería de Sanidade como custo independente da estadía: as recollidas na letra D punto 3 deste decreto como servizos especiais, na letra E, puntos 6 e 7 como probas especiais e procedementos especiais e a anestesia epidural durante o parto recollida na letra F.	
3. No suposto de estadías con permiso de fin de semana aplicaranse as mesmas tarifas dos puntos seguintes.	
4. A tarifa por hospitalización en centros hospitalarios por día de estadía e cama ocupada será de:	528,95
Se a estadía no hospital orixina a utilización de quirófano na facturación da estadía hospitalaria, engadiranse os seguintes incrementos:	1.030,13

	Tarifas
<p>– Pola primeira utilización do quirófano:</p> <p>– A partir da segunda e cada vez que se utilice o quirófano para o mesmo proceso que orixinou a estadia aplicaráselle un 40 % de incremento (412,05 €).</p>	
5. A estadia na UVI, UCI ou unidades asimiladas (unidades de atención especializada, servizo de reanimación, unidade de queimados, lesionados medulares ou calquera outra que teña establecida o centro hospitalario), facturarase por:	1.142,47
6. Por estadia no hotel de pacientes:	112,81
7. Por estadia en unidades de psiquiatría de agudos:	234,53
8. Por internamento completo en unidades psiquiátricas de media e longa estadia:	104,98
9. Por estadias psiquiátricas causadas en réxime de hospital de día:	109,45
10. Hospitalización a domicilio: asistencia domiciliar prestada a pacientes que necesiten técnicas terapéuticas de certa complexidade.	80,70
A tarifa por cada día de hospitalización a domicilio é de:	
11. Por sesión en hospital de día facturarase: 196,01 € da asistencia, facturándose os fármacos administrados a prezo de custo.	
B. Urgencias.	
<p>– Por urgencia hospitalaria non ingresada:</p> <p>– Polo uso de quirófano, de ser o caso:</p> <p>As urgencias comprenderán todas as actuacións que sexa necesario efectuar na atención da urgencia e están incluídas todas as exploracións e actos médicos e/ou cirúrxicos realizados en urgencias, agás os recollidos na letra D punto 3 deste decreto como servizos especiais e na letra E, puntos 5 e 6, como probas especiais e procedementos especiais e o uso de quirófano.</p> <p>No caso de que a atención de urgencia derivase nun ingreso hospitalario, facturaríase como unha estadia.</p>	<p>361,59 €/día</p> <p>1.000,00</p>
C. Consultas: asistencia ambulatoria en centros sanitarios.	

	Tarifas
<p>1. Primeira consulta ambulatoria</p> <p>Entenderase por primeira consulta ambulatoria aquela que inicia un proceso de consulta por ser un paciente novo para ese servizo ou GNA (grupo normalizado de agregación), por suceder a unha consulta de alta ou ter pasado máis de 18 meses sen programación desde a última consulta nese servizo ou GNA.</p>	175,09
<p>2. Revisións e sesións ambulatorias poshospitalarias</p> <p>Entenderase por revisión aquela consulta que sucede a outra consulta non de alta dese paciente, nese mesmo servizo ou GNA polo mesmo proceso asistencial.</p> <p>Entenderase por sesión ambulatoria poshospitalaria aquela consulta ambulatoria programada que sucede a un ingreso dese paciente no mesmo servizo ou GNA ou a unha atención en urxencias polo mesmo proceso asistencial e polo mesmo GNA.</p>	58,37
3. Servizos psiquiátricos extrahospitalarios no centro de especialidades.	
Primeira consulta.	145,94
Revisións.	48,64
Visitas domiciliarias.	105,59
4. Consultas de psicoloxía.	
Primeira consulta.	69,24
Consultas sucesivas.	34,62
5. Servizos prestados en centros de orientación familiar.	
Consultas de xinecoloxía.	
Primeira consulta.	145,99
Revisións.	48,64
Consultas de psicoloxía.	
Primeira consulta.	69,24
Consultas sucesivas.	34,62
Clases de preparación ao parto.	340,20
6. Seguimentos e controis ambulatorios de tratamento (non incluídos nos puntos anteriores).	27,25

	Tarifas
D. Intervencións cirúrxicas ambulatorias.	
1. Cirurxía maior ambulatoria:	
<p>Proceso asistencial en que se inclúe a realización dun procedemento dos recollidos neste punto, así como un máximo de tres consultas (primeira consulta e dúas revisións) e as probas diagnósticas necesarias para a realización do dito procedemento.</p> <p>No suposto de que o paciente teña que ingresar, a facturación por estadia sería independente da que corresponda por proceso.</p> <p>No caso de que o procedemento de cirurxía maior ambulatoria non estea incluído na relación que se establece a seguir, o centro hospitalario facturará o custo dun procedemento asimilable.</p> <p>No caso de procesos bilaterais incrementarase a tarifa do proceso nun 40 %.</p>	
Procedementos	Tarifas
Amigdalectomía e/ou adenoidectomía.	1.146,47
Aponeurosectomía complexa (plastia) na enfermidade de Dupuytren.	2.171,71
Aponeurosectomía simple na enfermidade de Dupuytren.	1.861,47
Artroscopia.	2.262,90
Biopsia hepática infantil con anestesia xeral.	4.542,79
Biopsia testicular.	1.067,54
Cirurxía anal non complexa (hemorroides, fístulas e fisuras).	1.437,00
Cirurxía articulación témporo-mandibular.	2.879,11
Cirurxía corrección estrabismo.	1.553,02
Cirurxía de cordais con anestesia xeral.	2.776,93
Cirurxía de fimose con anestesia xeral.	1.146,72
Cirurxía de xenitais externos femininos. Excluídas as biopsias.	1.839,91
Cirurxía de hidrocele ou varicocele.	1.545,49
Cirurxía de varices en M.I.	1.880,60
Cirurxía do colo do útero. Excluídas as biopsias.	1.466,55
Cirurxía de glaucoma sen implante.	3.266,84
Cirurxía de glaucoma con implante.	3.266,84

Procedementos	Tarifas
	+ prezo de custo do implante
Cirurxía maior sobre músculos fascias e tendóns.	2.121,51
Cirurxía sobre o polo anterior do ollo.	2.463,88
Cirurxía vítreo-retina.	3.920,23
Quiste de epidídimo.	1.545,49
Quiste de ovario.	2.582,75
Colecistectomía laparoscópica.	2.731,92
Colgallos fasciocutáneos en extremidades con enxerto complementario.	1.861,47
Corrección de secuelas de fisura labio-palatina cada tempo.	1.582,23
Dilatación e legrado uterino.	1.307,23
Endoscopia nasosinusal (inf., ectom. e polipose).	1.955,40
Entropión ou ectropión.	1.127,81
Escisión de lesión de uretra.	1.706,74
Escisión e incisión do sinus pilonidal, cistectomía radical.	1.453,49
Escordadura, desgarro e luxación de cadeira, pelve e muslo.	3.501,42
Escordadura, desgarro e luxación de brazo, antebrazo, man e pé.	1.564,73
Extirp. de tum. benigna de mama (neo. benigna, mastop. cyst., fibroad., fibroesc.). Exclúense as biopsias.	1.717,89
Extirpación auricular e a súa reparación parcial de orella.	1.582,23
Extirpación de tumores faciais e reparación con plastias enxertos.	1.582,23
Extirpación nasal e reconstrución parcial.	1.582,23
Extirpación nasal e reconstrución total de nariz.	2.481,93
Extirpación palpebral e reconstrución parcial.	1.582,23
Extirpación parcial en fronte ou de coiro cabeludo e reparación con plastia ou enxerto.	1.582,23
Extirpación parcial labial e reparación parcial.	1.582,23
Extracción de material de osteosíntese.	3.190,48

Procedementos	Tarifas
Fístula arteriovenosa.	2.926,86
Fratura nasal.	744,58
Fraturas faciais simples de arco cigomático e malar.	1.676,95
Herniorrafía inguinal, femoral ou umbilical.	1.560,00
Herniorrafía ventral.	1.878,17
Enxertos en man (posqueimadura ou traumatismo).	1.240,97
Inserción de lente intraocular secundaria.	1.975,28
Laparoscopia xinecolóxica (ligadura).	1.869,46
Liberación do túnel carpiano (retinaculotomía).	1.582,23
Liberación no síndrome epitrocleo-olecraniano.	1.582,23
Microcirurxía de larinxe.	1.578,41
Miringoplastia.	1.578,41
Nucleotomía percutánea.	4.268,09
Orquidopexia.	1.453,24
Postectomía.	1.089,57
Ptose palpebral unilateral.	1.691,73
Queimaduras superficiais faciais. Desbridamento.	744,58
Queimaduras superficiais man. Desbridamento.	744,58
Reparación con plastia ou enxerto en feridas ou úlceras cutáneas.	992,78
Reparación de tendóns.	1.582,23
Reparación microcirúrxica de nervios da man ou na cara.	1.985,57
Reparación plástica de feridas cutáneas da man.	1.582,23
Reparación plástica facial con enxerto ou colgallos.	1.240,97
Reparación plástica simple de feridas cutáneas faciais.	992,78
Reparación simple de feridas cutáneas.	744,58
Septorinoplastia reparadora.	2.481,93
Septorinoplastia.	1.664,84
Tratamento de Hallux Valgus e doutras deformidades das dedas.	2.718,12
Tratamento de moderadas secuelas de queimadura en cara ou pescozo.	1.582,23
Tratamento de moderadas secuelas de queimaduras e outras	1.582,23

Procedementos	Tarifas
retraccións da man con plastias ou enxertos.	
Tratamento cirúrxico de cataratas.	1.975,28
Tratamento cirúrxico de dedo en resorte.	1.999,71
Tratamento cirúrxico de ganglión.	2.121,51
Tratamento cirúrxico de hernia disco.	2.603,07
Tratamento cirúrxico de MMSS e MMII.	3.115,50
Tratamento cirúrxico de tumor benigno maxilar.	3.260,71
	Tarifas
2. Cirurxía menor ambulatoria: Procedementos cirúrxicos realizados de forma ambulatoria que non estean recollidos na letra D punto 1. Na tarifa están incluídas un máximo de tres consultas (primeira consulta e dúas revisións) e as probas diagnósticas necesarias.	373,29
Tarifa por intervención en centros de orientación familiar:	102,74
3. Tarifas por servizos ou procedementos especiais: As tarifas especificadas a seguir como tarifas especiais facturaranse con independencia da que corresponda por consulta ou, se for o caso, estadía.	
Procedementos	Tarifas
Ablación ou exérese de mucosa do tubo dixestivo mediante láser, argon ou técnicas de mucosectomía.	614,27
Ablación de arritmia con catéter.	6.180,75
Ablación de arritmia con navegador.	9.271,13
ACTP ou AITP ou ACeTP.	2.269,93
ACTP + aterectomía (rotablator).	5.296,52
ACTP + aterectomía + Stent.	8.827,50
ACTP + Stent ou AITP ou ACeTP.	5.800,92
Anxioplastias, embolizacións, accesos venosos centrais, extraccións corpos estraños intravasculares.	2.630,68
Aterectomías, filtros de cava.	3.081,20
Artrodesis.	2.459,94
Biopsia (pneumoloxía).	302,64

Procedementos	Tarifas
Biopsia de mama dirixida por arpón.	204,59
Biopsia de mama dirixida por esterotaxia.	607,17
Biopsia de próstata eco-dirixida, con inmunohistoquímica.	2.078,83
Biopsia de próstata eco-dirixida, sen inmunohistoquímica.	900,55
Biopsia dixestiva.	322,83
Biopsia endomiocárdica.	1.463,00
Biopsia hepática percutánea.	1.637,06
Biopsia hepática transxugular.	3.410,59
Biopsia renal.	570,12
Cambio catéter derivación biliar.	686,25
Cateterismo (coronariografía).	1.055,38
Cateterismo con valvuloplastia percutánea.	5.897,90
Cateterismo ureteral ou uretral.	1.361,97
Cistostomía ou nefrostomía percutáneas.	1.513,29
Colocación de próteses coledocopancreáticas.	3.026,59
Colocación de próteses traqueobronquial.	2.228,02
Colocación de próteses tubo dixestivo.	1.261,06
Colocación drenaxes nasobiliares ou biliares internos.	2.309,53
Colocación próteses vías respiratorias.	3.026,59
Coronariografía + ACTP.	3.325,31
Coronariografía + ACTP + aterectomía.	6.351,88
Coronariografía + ACTP + aterectomía + Stent.	9.882,89
Coronariografía + ACTP + Stent.	6.856,31
Craneotomía.	1.133,14
Dacriocistorrinostomía.	1.691,73
Desfibrilador automático con terapia de resincronización cardíaca.	3.811,46
Desfibrilador automático implantable.	2.781,34
Desinvaxinación.	267,78
Devolvulación endoscópica do tubo dixestivo.	1.935,99
Dilatacións biliares.	1.117,32
Drenaxes ou esclerose de coleccións torácicas.	2.017,71

Procedementos	Tarifas
Drenaxes biliares percutáneas.	3.507,59
Drenaxes percutáneos (colocación tubo pneumotórax).	756,63
Embolizacións intracraniais.	5.938,05
Embolización aneurismas cerebrais coils+stent.	9.806,52
Embolización aneurismas cerebrais stents cubertos.	19.648,09
Embolizacións non intracraniais.	2.017,71
Escisión ou destrución de lesión bronquial.	595,24
Escisión ou destrución de lesión pulmonar.	605,30
Esclerose de cistes renais.	623,40
Esclerose de varices esofáxicas.	665,83
Esclerose percutánea cistes abdominais, extracción corpos estraños.	605,29
Esfinterotomía.	1.540,05
Esplenectomía.	1.424,89
Estudo electrofisiolóxico cardíaco.	2.655,15
Extracción de corpo estraño traqueobronquial.	1.969,72
Extracción de corpos estraños no tubo dixestivo.	1.892,38
Extracción de DIU que non pode extraerse de forma habitual.	585,13
Extracción percutánea cálculos biliopancreáticos.	1.029,03
Extracción percutánea cálculos urinarios.	3.026,59
Gastro, cistogastro, colecisto, íleo, colon ou xexunostomía percutáneas. Sonda nasoxexunal de alimentación enteral.	1.707,12
Gastro, cistogastro, colecisto, íleo, colon ou xexunostomía percutáneas.	1.707,12
Gastroplicatura endoscópica.	2.728,46
Hemostase con pegamentos tisulares ou fibrina.	1.555,49
Holter implantable.	1.236,15
Implantación endoprótese vascular.	3.507,59
Implante coclear.	30.903,75
Laparostomías.	1.044,23
Ligadura de varices esofáxicas, electrocoagulación bipolar, hemostase mediante endoclips ou endoloop.	665,83

Procedementos	Tarifas
Marcapasos temporal venoso.	1.055,38
Marcapasos con terapia de resincronización cardíaca.	3.090,38
Marcapasos endocavitario.	2.200,08
Marcapasos epicárdico.	1.463,00
Mastectomía.	1.624,01
Oclusión trompas de Falopio.	1.513,29
Obturación simple composite (maxilofacial).	51,51
Recanalización trompas de Falopio.	2.017,71
PAAF.	106,21
Paracentese.	75,70
Peches CIA ou ductus.	5.044,31
Polipectomía.	958,41
Polipectomías, esclerose terapéutica con argon.	605,29
Próteses metálica ureteral, uretral ou prostática.	2.017,71
Puncións ou drenaxes guiadas por ecoendoscopia.	2.808,39
Resección de tabique.	625,47
Shunt porto-cava percutáneo.	9.290,35
Shunt portosistémico transxugular.	10.303,58
Simpson.	3.530,99
Terapia ulcerosa endoscópica.	513,72
Tratamento percutáneo de fístulas de tubo dixestivo.	605,30
Tratamento percutáneo de nódulos hepáticos por outras técnicas.	2.169,04
Tratamento percutáneo de nódulos hepáticos por radiofrecuencia.	4.092,73
Tratamento percutáneo fístulas urinarias.	2.017,71
Trombectomía percutánea.	2.774,35
Valvuloplastias percutáneas.	4.842,52
	Tarifas
E. Probas ambulatorias.	
1. Anatomía patolóxica.	
Por estudo de biopsias de anatomía patolóxica.	310,76

	Tarifas
Por estudio de biopsias de anatomía patológica con estudio macro e microscópico.	377,67
Por estudio de biopsias de anatomía patológica con microscopia electrónica.	606,73
Citología.	155,12
Citología vaginal.	161,84
Citología de esputos.	161,84
Estudio sistema nervioso.	422,33
2. Analítica completa.	180,00
3. Pruebas de detección de alcoholemia (cada prueba de detección de alcoholemia).	129,19
4. Pruebas de detección de drogas.	51,02
Screening de drogas de abuso en urina.	
5. Medicina nuclear: procedimientos diagnósticos: gammagrafías.	
Grupo I. Exploraciones básicas.	65,11
Grupo II. Exploraciones especiales.	143,27
Grupo III. Exploraciones maior complejidade.	294,32
Grupo IV. Spect de perfusión cerebral.	459,54
Grupo I. Exploraciones básicas.	
I.1. Gammagrafía tiroidea.	
I.2. Gammagrafía tiroidea pre tratamiento con iodo.	
I.3. Anxiogammagrafía hepatoesplénica.	
I.4. Gammagrafía hepatoesplénica.	
I.5. Gammagrafía de mucosa gástrica ectópica.	
I.6. Gammagrafía salivar.	
I.7. Anxiogammagrafía testicular.	
I.8. Gammagrafía renal.	

	Tarifas
I.9. Anxiogammagrafía.	
Grupo II. Exploracións especiais.	
II.1. Ventriculografía isotópica de primeiro paso (repouso).	
II.2. Ventriculografía isotópica de equilibrio (esforzo).	
II.3. Ventriculografía isotópica de equilibrio (repouso).	
II.4. Ventriculografía isotópica de equilibrio postintervención farmacolóxica.	
II.5. Gammagrafía miocárdica de inervación.	
II.6. Tomogammagrafía (spect) miocárdica de perfusión (esforzo).	
II.7. Tomogammagrafía (spect) miocárdica de perfusión (repouso).	
II.8. Tomogammagrafía (spect) miocárdica de perfusión tras reinxección.	
II.9. Tomogammagrafía (spect) miocárdica de perfusión tras intervención.	
II.10. Tomogammagrafía (spect) miocárdica de inervación.	
II.11. Gammagrafía de curtocircuitos cardíacos.	
II.12. Captación tiroidea de iodo.	
II.13. Cinética tiroidea de iodo.	
II.14. Rastrexo gammagráfico con ¹³¹ I.	
II.15. Rastrexo gammagráfico post tto. iodo.	
II.16. Gammagrafía de paratiroide.	
II.17. Gammagrafía de paratiroide subtracción tl/tc.	

	Tarifas
<p>II.18. Spect paratiroide.</p> <p>II.19. Tomogammagrafía (spect) hepatoesplénica.</p> <p>II.20. Gammagrafía hepatobiliar.</p> <p>II.21. Gammagrafía hepatobiliar postestimulación fisiológica.</p> <p>II.22. Gammagrafía hepatobiliar postintervención farmacológica.</p> <p>II.23. Gammagrafía de hemorragia digestiva.</p> <p>II.24. Gammagrafía de hemanxionas.</p>	
<p>II.25. Tomogammagrafía (spect) de hemanxionas.</p> <p>II.26. Gammagrafía de tránsito esofágico.</p> <p>II.27. Gammagrafía de baleiramento gástrico.</p> <p>II.28. Gammagrafía de baleiramento gástrico líquidos.</p> <p>II.29. Gammagrafía de baleiramento gástrico sólidos.</p> <p>II.30. Gammagrafía de reflujo gastroesofágico.</p> <p>II.31. Gammagrafía de reflujo enterogástrico.</p> <p>II.32. Gammagrafía de medula eritropoética.</p> <p>II.33. Cistogammagrafía directa.</p> <p>II.34. Cistogammagrafía indirecta.</p> <p>II.35. Filtraxe glomerular.</p> <p>II.36. Fluxo plasmático renal efectivo.</p> <p>II.37. Tomogammagrafía (spect) renal.</p> <p>II.38. Renograma.</p>	

	Tarifas
II.39. Renograma diureico.	
II.40. Renograma post-ieca.	
II.41. Gammagrafía pulmonar de perfusión.	
II.42. Gammagrafía pulmonar de ventilación.	
II.43. Gammagrafía pulmonar v/p cuantificada.	
II.44. Gammagrafía pulmonar de perfusión cuantificada.	
II.45. Gammagrafía pulmonar de ventilación cuantificada.	
II.46. Cisternogammagrafía.	
II.47. Tomogammagrafía (spect) cerebral con 201 tl.	
II.48. Gammagrafía ósea.	
II.49. Gammagrafía ósea corpo inteiro.	
II.50. Gammagrafía ósea vascular/3 fases.	
II.51. Tomogammagrafía (spect) ósea.	
II.52. Gammagrafía ósea con galio.	
II.53. Gammagrafía ósea con 201 tl.	
II.54. Flebogammagrafía.	
II.55. Linfogammagrafía.	
II.56. Linfogammagrafía convencional.	
II.57. Rastrejo gammagráfico con cloruro de talio-201tl.	
II.58. Gammagrafía con inmunoglobulinas.	
Grupo III. Exploracións de maior complexidade.	

	Tarifas
III.1. Tomogammagrafía sincronizada (gated spect) miocárdica de per.	
III.2. Tomografía sincronizada (gated spect) miocárdica de función.	
III.3. Gammagrafía suprarrenal cortical.	
III.4. Gammagrafía suprarrenal postfrenación cortical.	
III.5. Gammagrafía suprarrenal modular.	
III.6. Rastrexo gammagráfico con mibg.	
III.7. Gammagrafía de receptores de somatostatina.	
III.8. Gammagrafía con leucocitos marcados.	
III.9. Cinética eritrocitaria.	
III.10. Tomografía (spect) con citrato de galio-67ga.	
III.11. Volume globular.	
III.12. Test de Schilling.	
III.13. Gammagrafía pulmonar con citrato de galio-67ga.	
III.14. Gammagrafía ósea con leucocitos marcados.	
III.15. Detección de ganglio sentinela.	
III.16. Rastrexo gammagráfico con citrato de galio-67ga.	
III.17. Rastrexo gammagráfico con mibi-99mtc.	
III.18. Rastrexo gammagráfico de receptores de somatostatina.	
III.19. Gammagrafía con leucocitos marcados.	
III.20. Gammagrafía mamaria con 99mtc/mibi.	

	Tarifas
Grupo IV. Spect de perfusión cerebral.	
IV.1. Gammagrafía cerebral.	
IV.2. Tomogammagrafía (spect) cerebral de perfusión.	
IV.3. Tomogammagrafía (spect) cerebral de receptores.	
6. Probas especiais.	
<p>A solicitude de realización de probas diagnósticas que non xeren consultas ou estadías e non se atopen relacionadas entre estas tarifas especiais facturaránse ao prezo de custo. As tarifas especificadas a seguir como tarifas especiais facturaránse con independencia da que corresponda por consulta ou, se for o caso, estadía.</p> <p>Cando concorran dous o máis procedementos nunha soa actuación, facturarase o de maior custo.</p>	
Probas	Tarifas
Actigrafía.	201,00
Anxiolúesceingrafía.	401,19
Anxiografía dixital diagnóstica.	428,85
Anxiografía dixital terapéutica.	1.114,57
Arteriografía cerebral.	820,85
Arteriografía medular (neuroloxía).	927,11
Arteriografía periférica.	586,32
Arteriografía tóraco-abdominal.	586,32
Audiometría (obxectiva).	321,64
Biometría.	195,32
Broncoscopia ou fibroscopia.	282,75
Campimetría (Campo visual).	126,68
Cardioversión eléctrica.	721,09
Cistoscopia.	229,65
Cistoscopia virtual.	691,31
Colanxiografía retrógrada endoscópica (CRE).	899,00
Colanxiopancreatografía retrógrada endoscópica (CPRE).	950,21

	Tarifas
Coloscopia.	479,04
Cromoendoscopia.	545,67
Densitometrías.	172,82
Dilatacións (vasculares).	807,11
Eco estrés farmacolóxico.	377,67
Eco transesofáxico.	321,64
Ecocardiograma doppler.	321,64
Ecoendoscopia dixestiva alta e/ou biliopancreática.	627,53
Ecoendoscopia dixestiva baixa.	611,62
Ecografía.	172,82
Ecografía anal.	252,19
Ecografía de testículos.	471,54
Ecografía doppler-cor de troncos supraórticos.	323,71
Ecografía transrectal.	346,73
Ecografía transvaxinal ou a partir da 20ª semana de xestación.	346,73
Probas	Tarifas
Electrocardiograma.	181,00
Electromiograma cuantificado (electromiografía).	372,29
Electromiograma fibra illada.	513,71
Electro-oculograma.	257,98
Electro-retinograma.	257,98
Embolización selectiva medular (neuroloxía).	3.090,38
Endoscopia dixestiva diagnóstica (esófago-gastro-duodeno-colonosigmoidoscopia).	321,64
Esófago gastroduodenal, tránsito intestinal.	267,78
Esófago gastroduodenal + tránsito intestinal.	376,74
Espirometría.	258,52
Estudo electroencefalográfico con sistema Holter.	642,18
Estudo electrofisiolóxico.	234,56
Estudo electromiográfico de esfínteres (electromiografía).	321,64
Estudo membros superiores e inferiores.	328,33
Estudo neurofisiolóxico con estimulación magnética e/ou eléctrica	321,64

Probas	Tarifas
transcraneal.	
Estudo neurofisiolóxico de movementos anormais (electromiografía).	193,20
Estudo renal.	328,33
Estudo troncos supraórticos.	1.031,89
Estudo urodinámico de presión de fluxo, fluxometría.	470,43
Estudo vídeo-EEG.	1.206,00
Estudo vídeo-EEG con eléctrodos implantados.	2.010,00
Exploración de onda P-300.	257,98
Exploración de potenciais evocados auditivos.	257,98
Exploración de potenciais evocados de tronco.	257,98
Exploración de potenciais evocados somestésicos.	257,98
Exploración de potenciais evocados visuais.	193,20
Exploración de variación continxente negativa.	257,98
Exploración electroencefalográfica.	182,42
Exploración electroencefalográfica con cuantificación (cartografía, repartición de frecuencias, comparación estatística con patróns normais, etc.).	321,64
Exploración electroencefalográfica con cuantificación con eléctrodos implantados.	448,94
Exploración electroencefalográfica con privación do sono.	193,20
Exploración electroencefalográfica o subcorticográfica con ou sen electroencefalograma con eléctrodos implantados.	385,29
Fibrinolise próteses intravasculares.	3.530,98
Fistulografía.	588,12
Flebografía.	703,58
Histeroscopias diagnósticas.	504,43
Holter.	176,47
Impedanciometría.	311,96
Laparoscopia diagnóstica.	914,66
Mamografía.	121,05
Manometría anal.	302,63
Manometría esofáxica e pHmetría.	483,93

Probas	Tarifas
Monitorización ambulatoria da presión arterial (MAPA) de 24 horas.	173,64
Monitorización ambulatoria da presión arterial (MAPA) de 48 horas.	260,49
Monitorización de glicosa con glicosensor para estudo.	131,35
Neurografía con estimulación repetitiva (electromiografía).	129,54
Neurografía convencional (electromiografía), por nervio (unidade).	77,06
Neurografía S.N. vexetativo.	193,20
Nistagmograma.	257,98
Outros estudos ambulatorios especiais.	275,59
Paquimetría.	119,75
Placa de cranio.	40,35
Placa panorámica.	40,35
Placa periapical ou oclusal.	25,23
Placa radiográfica ata 2 proxeccións.	40,35
Placa radiográfica máis de 2 proxeccións.	78,27
Polisomnografía do sono.	1.257,88
Prick e intradérmico con medicamentos unidade (estudo alerxia medicamentosa).	62,05
Proba de esforzo.	310,76
Proba de esforzo para detectar asma de esforzo.	360,90
Proba de provocación oral ou inxectable con alimentos.	310,24
Proba de provocación oral ou inxectable con medicamento.	496,38
Probas alérxicas a alimentos estándar.	260,61
Probas alérxicas a inhalantes.	260,61
Probas alérxicas prick con alimentos por unidade.	7,44
Probas de provocación inhalatoria alérxicas a inhalantes.	496,38
Probas epicutáneas baterías especiais diagnóstico (alerxia profesional e outras).	248,17
Probas epicutáneas estándar.	248,17
Probas labirínticas, nistagmografía.	268,04
Punción lumbar.	308,55
Puncións-aspiracións con agulla fina con TC (radioloxía).	463,56
Reoencefalograma.	77,06

Probas	Tarifas
Resonancia magnética (RM) simple sen contraste.	691,29
RM dobre sen contraste.	879,41
RM triple (medula, columna ou abdome) sen contraste.	1.080,71
RM, complemento de emprego de anestesia.	198,00
RM, complemento de emprego de contraste.	198,00
Seminograma-extracción, análises e capacitación espermática.	176,11
Telerradiografía de columna ou membros inferiores 30x120 cm.	151,33
Tilt test/mesa basculante.	515,06
Tomografía computerizada (TC) con ou sen contraste.	377,36
Tomografía con emisión de positrons (PET).	1.323,16
Topografía.	211,14
Urografías, cistografía, cistouretrografía, pielografía.	287,70
Uro-TAC.	744,58
7. Procedementos especiais.	
Procedementos	Tarifas
Estudo de inmunohistoquímica/inmunocitoquímica (€/anticorpo).	59,21
Amniocentese.	938,10
Cariotipo na medula ósea.	186,13
Aspiración de medula ósea.	290,24
Estudo HLA.	286,06
Sesión de plasmaférese, plaquetoférese, leucoférese ou aférese.	1.611,61
Determinación do óxido nítrico no aire exhalado.	248,11
Administración de inmunoterapia específica con veneno de himenópteros:	
Fase de inicio	451,12
Fase de mantemento	169,18
Administración de vacinas de alerxia respiratoria:	67,67
8. Os estudos realizados en laboratorios do Servizo Galego de Saúde que sexan coincidentes cos recollidos no anexo V da Fundación Pública Centro de Transfusións de Galicia serán facturados ás mesmas tarifas.	

F. Tratamentos.	
Litotricia renal extracorpórea (ata un máximo de 3 sesións por tratamento):	3.978,47
Procedementos	Tarifas
Dilatacións tubo dixestivo. Inxección endoscópica de toxina botulínica.	585,13
Instilacións endovesicais de citostáticos.	538,74
Dilatacións (uroloxía).	1.765,50
Cardioversións.	343,02
Tratamento de logopedia ou foniatría en réxime de sesión diaria (mes completo).	321,64
Tratamento de logopedia ou foniatría (sesión illada).	18,98
Anestesia epidural durante o parto.	620,47
Terapia fotodinámica.	3.211,63
Fotocoagulación en fibroplastia retrolental en neonatos.	868,68
Toxina botulínica en estrabismo.	868,68
Bloqueo rexional epidural (caudal).	640,95
<p>1. Tratamentos farmacéuticos de dispensación hospitalaria a pacientes ambulatorios.</p> <p>Os tratamentos farmacéuticos de dispensación hospitalaria a pacientes ambulatorios facturaranse a prezo de custo.</p> <p>No caso dos produtos incluídos na prestación farmacéutica ambulatoria e dispensados desde os servizos de farmacia a residencias sociosanitarias, de acordo coas correspondentes receita/orde de dispensación, os importes da achega dos usuarios, fixados polo artigo 94.bis da Lei 29/2006, do 20 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, determinaranse tendo en conta o prezo de custo dos produtos dispensados.</p> <p>Neste caso as residencias sociosanitarias que soliciten esta prestación quedarán obrigadas ao pagamento ao</p>	

Servizo Galego de Saúde, sen prexuízo, se for o caso, do procedemento que cada unha delas poida ter establecido para a repercusión do gasto aos usuarios beneficiarios.	
2. Tratamentos dermatolóxicos.	181,59
Sesión laserterapia dermatolóxica.	147,94
Sesión dermatolóxica PUVA.	
Procedementos	Tarifas
3. Hemodiálise.	
